

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA, E O CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CITMAGA) PARA CREACIÓN DE XEMELGOS DIXITAIS PARA O ESTUDO E PREDICIÓN DA CIRCULACIÓN DE AIRE NO INTERIOR DE MONUMENTOS, NO ÁMBITO DO PROGRAMA RETECH (Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica), E NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION EU

En Santiago de Compostela, a data da última firma electrónica

Dunha parte a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e no seu nome e representación D. José Carlos López Campos, en virtude do seu cargo de **conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude** para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril de 2024, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, Dña. Rosa María Crujeiras Casais, co número de DNI 52931780V e enderezo a efectos de notificación no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela, na súa calidade de **Directora Científica** en funcións do **Consortio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (en adiante CITMAGA)**, con poder para este acto, concedido polo Consello Reitor do Centro, celebrado o 8 de setembro de 2021.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que con data 27/08/2024 a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o CITMAGA, asinaron un convenio de colaboración para creación de xemelgos dixitais para o estudo e predición da circulación de aire no interior de monumentos, no ámbito do Programa Retech (Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica), e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-Next Generation EU, cunha vixencia dende a súa sinatura ata o 10.03.2026, e un prazo de execución do gasto ata o 10.12.2025.

Segundo.- Con data 14/03/2025, asinouse unha addenda ao convenio que tiña como obxectivo a modificación do punto 1 da cláusula cuarta ("Orzamento do Convenio e Financiamento"), co obxectivo de diferir ao ano 2025 parte da achega económica prevista no ano 2024 para as accións contempladas nel.

Terceiro.- A necesidade desta segunda addenda é consecuencia dunha causa xustificada, non imputable ó CITMAGA, xa que iniciada a execución do proxecto polo CITMAGA, foi preciso crear un subproxecto instrumental en Coffee. Para poder completar as tarefas definidas no convenio no prazo de execución limitado polos fondos Next Generation EU, era



preciso contratar persoal investigador adicado a elas. A creación deste subproxecto instrumental e a posterior validación por parte do ministerio foi complexa e as incidencias supuxeron un atraso á hora de realizar a análise de riscos de conflitos de interese a través de MINERVA para as novas contratacións de persoal por parte de CITMAGA para desenvolver este proxecto.

Estes atrancos nas contratacións de novo persoal para o proxecto, non imputables ó CITMAGA atrasaron o inicio das tarefas que tiñan asignadas. Isto implica que non vai ser posible cumprir os prazos de execución iniciais previstos, polo que é preciso modificar as seguintes cláusulas convenio:

- a cláusula segunda para axustar o importe da anualidade de 2025 e ampliar o prazo previsto para a execución do gasto.
- a cláusula terceira para axustar a data de entrega da Memoria Final de execución do Proxecto KHN. Tamén, para que a comisión de seguimento poida prorrogar o prazo de presentación da memoria, hai que incluír expresamente que os asinantes do convenio deben delegar na dita comisión esta posibilidade.
- a cláusula cuarta para axustar os importes das anualidades previstas, no seu punto 1 ("Orzamento do Convenio e Financiamento"), co obxectivo de diferir ao ano 2026 parte da achega económica prevista no ano 2025 para as accións contempladas nel.

Por todo o anterior, e de conformidade co exposto, as partes **SUBSCRIBEN** a presente addenda que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto da presente addenda é modificar as cláusulas segunda ("Vixencia do Convenio. Prazo de execución do proxecto"), para ampliar o prazo previsto para a execución do gasto, terceira ("Planificación anual de actividades) para para axustar a data de entrega da Memoria Final de execución do Proxecto KHN e para que a comisión de seguimento poida prorrogar o prazo de presentación da memoria, hai que incluír expresamente que os asinantes do convenio deben delegar na dita comisión esta posibilidade e cuarta ("Orzamento do convenio e financiamento"), para axustar os importes das anualidades previstas do Convenio subscrito en data 11 de xullo de 2025 entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o CITMAGA (modificado pola addenda asinada o 14/03/2025).

Segunda. Modificación do convenio.

En primeiro lugar, para posibilitar un axuste o importe da anualidade de 2025 e ampliar o prazo previsto para a execución do gasto, modifícase a cláusula segunda ("Vixencia do Convenio. Prazo de execución do proxecto").

Así, onde dí:



"O presente convenio estará en vigor desde a data da súa firma ata o 10.03.2026.

Debido a súa vinculación aos Fondos Next Generation EU e aos obxectivos e prazos do PR-TR, o prazo de execución do gasto derivado do presente convenio e dos proxectos asociados concluirá o 10.12.2025, para aquelas actuacións que estean baixo o marco do C16 (fito 253)."

Debe dicir:

"O presente convenio estará en vigor desde a data da súa firma ata o 30.06.2026.

Debido a súa vinculación aos Fondos Next Generation EU e aos obxectivos e prazos do PRTR, o prazo de execución do gasto derivado do presente convenio e dos proxectos asociados concluirá o 30.03.2026, para aquelas actuacións que estean baixo o marco do C16 (fito 253)."

En segundo lugar, para posibilitar un axuste da data de entrega da Memoria Final de execución do Proxecto KHN, modifícase a cláusula terceira ("Planificación anual de actividades"), no quinto parágrafo do seu punto 3.1. (Memorias anuais xustificativas da execución do proxecto).

Así, onde dí:

"Ao rematar a execución do proxecto achegarse a Memoria final de execución do Proxecto KHN. Esta memoria, xunto co traballo realizado, debera achegarse antes do 10.02.2026. Se este ultimo prazo resultase insuficiente, poderá ser prorrogado pola Comisión de Seguimento do Convenio e, en calquera caso toda a documentación debera achegarse antes do 10.03.2026."

Debe dicir:

"Ao rematar a execución do proxecto achegarse a Memoria final de execución do Proxecto KHN. Esta memoria, xunto co traballo realizado, debera achegarse antes do 10.05.2026. As partes asinantes delegan expresamente na Comisión de Seguimento do Convenio a facultade de prorrogar o prazo para presentala se este prazo resultase insuficiente. En calquera caso toda a documentación debera achegarse antes do 10.06.2026."

En terceiro lugar, co obxectivo de diferir ao ano 2026 parte da achega económica prevista no ano 2025 para as accións contempladas, modifícase a cláusula cuarta ("Orzamento do Convenio e Financiamento"), no seu punto 4.1. (Orzamento) e segundo a redacción da Addenda 1 do 14.03.2025.

Así, onde dí:

"Os custos estimados para realizar o obxecto deste convenio, no marco do "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU", son os seguintes:



CONCEPTO	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026	TOTAL
Custes Directos	10.670,45 €	114.981,73 €	15.217,39 €	140.869,57 €
Persoal	10.670,45 €	113.981,73 €	15.217,39 €	139.869,57 €
Viaxes	0,00 €	1.000,00 €	0,00 €	1.000,00 €
Custes Indirectos	1.600,57 €	17.247,25 €	2.282,61 €	21.130,43 €
Total Orzamento	12.271,02 €	132.228,98 €	17.500,00 €	162.000,00 €

A totalidade do importe achegado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, será con cargo á aplicación 13.04.433A.640.1 (código de proxecto 2024.00052) da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, distribuído nas seguintes anualidades:

	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026
Eixo 1	5.385,13 €	47.088,32 €	6.250,56 €
Eixo 3	6.885,89 €	85.140,66 €	11.249,44 €
TOTAL ANUALIDADE	12.271,02 €	132.228,98 €	17.500,00 €

A dita achega financiará exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

O CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CITMAGA) realizará a súa achega económica en especie, destinando a este proxecto os medios informáticos necesarios para desenvolver o traballo e aloxar as ferramentas e recursos computacionais que se desenvolvan, así como os custos do seu persoal propio en función do tempo proporcional que lle adiquen a este proxecto e para a utilización dos recursos informáticos. Esta achega económica en especie terá o valor que a seguir se indica:"

CONCEPTO	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026	TOTAL
Custes Directos	10.670,45 €	114.981,73 €	15.217,39 €	140.869,57 €
Persoal	10.670,45 €	113.981,73 €	15.217,39 €	139.869,57 €
Viaxes	0,00 €	1.000,00 €	0,00 €	1.000,00 €
Custes Indirectos	1.600,57 €	17.247,25 €	2.282,61 €	21.130,43 €
Custes medios informáticos a achegar por CITMAGA (incluíndo gastos proporcionais de persoal adicado)	245,02 €	2.644,98 €	350,00 €	3.240,00 €
Total Orzamento	12.516,04 €	134.873,96 €	17.850,00 €	165.240,00 €
Total a achegar pola Xunta de Galicia	12.271,02 €	132.228,98 €	17.500,00 €	162.000,00 €
Total a achegar polo CITMAGA en especie	245,02 €	2.644,98 €	350,00 €	3.240,00 €

Debe dicir:



“Os custos estimados para realizar o obxecto deste convenio, no marco do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, son os seguintes:

CONCEPTO	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026	TOTAL
Custes Directos	10.670,45 €	94.560,85 €	35.638,27 €	140.869,57 €
Persoal	10.670,45 €	94.509,37 €	34.689,75 €	139.869,57 €
Viaxes	0,00 €	51,48 €	948,52 €	1.000,00 €
Custes Indirectos	1.600,57 €	14.184,12 €	5.345,74 €	21.130,43 €
Total Orzamento	12.271,02 €	108.744,97 €	40.984,01 €	162.000,00 €

A totalidade do importe achegado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, será con cargo a aplicación 13.04.433A.640.1 (código de proxecto 2024.00052) da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, distribuído nas seguintes anualidades:

	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026
Eixo 1	5.385,13 €	40.967,08 €	13.289,99 €
Eixo 3	6.885,89 €	68.696,07 €	27.694,03 €
TOTAL ANUALIDADE	12.271,02 €	108.744,96 €	40.984,02 €

A dita achega financiará exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

O CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CIT-Maga) realizará a súa achega económica en especie, destinando a este proxecto os medios informáticos necesarios para desenvolver o traballo e aloxar as ferramentas e recursos computacionais que se desenvolvan, así como os custos do seu persoal propio en función do tempo proporcional que lle adiquen a este proxecto e para a utilización dos recursos informáticos. Esta achega económica en especie terá o valor que a seguir se indica:

CONCEPTO	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026	TOTAL
Custes Directos	10.670,45 €	94.560,85 €	35.638,27 €	140.869,57 €
Persoal	10.670,45 €	94.509,37 €	34.689,75 €	139.869,57 €
Viaxes	0,00 €	51,48 €	948,52 €	1.000,00 €
Custes Indirectos	1.600,57 €	14.184,12 €	5.345,74 €	21.130,43 €
Custes medios informáticos a achegar por CITMaga (incluíndo gastos proporcionais de persoal adicado)	245,02 €	2.644,98 €	350,00 €	3.240,00 €
Total Orzamento	12.516,04 €	111.389,95 €	38.270,88 €	165.240,00 €
Total a achegar pola Xunta de Galicia	12.271,02 €	108.744,96 €	40.984,02 €	162.000,00 €



CONCEPTO	Ano 2024	Ano 2025	Ano 2026	TOTAL
Total a achegar polo CITMAGA en especie	245,02 €	2.644,98 €	350,00 €	3.240,00 €

Terceira: mantense a vixencia do resto das cláusulas do convenio. Esta addenda intégrase no mesmo como parte inseparable co seu mesmo réxime xurídico e surtirá efecto tras a súa sinatura por ámbalas dúas partes.

E en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda, constando como data de subscripción a correspondente a da última sinatura realizada.

Pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Polo Consorcio de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia,

José Carlos López Campos

Rosa María Crujeiras Casais

